

cultura

‘El Barbero de Sevilla’ chega a Vilalba da man da compañía de Ópera Internacional Concerlirica

A Compañía de Ópera Internacional de Concerlirica presenta, coa Ópera Nacional de Odessa, ‘El Barbero de Sevilla’, de Rossini, o mércores 27 de febreiro no auditorio municipal Carmen Estévez de Vilalba.

Esta ópera bufa en dous actos será representada por un centenar de artistas que se atopan de xira por España a partir das oito e media do serán, con tradución simultánea. Baseada na Sevilla do século XVIII, conta a historia dos cortexos a Rosina por parte do conde Almaviva que, coa axuda do enxeñoso e pícaro Fígaro, consegue vencer en astucia ao seu titor e, finalmente, unirse á moza burguesa.

O Conde Almaviva é interpretado polo tenor ucraino Vladislav Goray que participou en proxectos internacionais e dende o 2005 participa en concertos en Israel no marco dos Tres Tenores da Terra Santa.

O rol de Fígaro é interpretado polo barítono Vladislav Lysak, un mozo ucraino con gran proxección internacional, mentres que no papel de Rosina atopamos á soprano albanesa Ulpiana Aliaj, gañadora de múltiples premios internacionais coma o Concurso Europeo de Asilico (Italia) o pasado 2012, á que entrevistamos para coñecer máis datos sobre a representación que ofrecerán en Vilalba e sobre a súa

personaxe.

“El barbero de Sevilla” é un clásico de Rossini, pero qué historia nos conta a obra?

A Ópera de Rossini cóntanos unha historia con moitas cores. Rosina é unha bela moza que vive co seu titor que quere casarse con ela. Pero Rosina é moi intelixente e sabe moi ben o que quere e tamén a quen quere; así que durante toda a ópera fai todo o posible para gañar e vivir o seu amor con Almaviva

Qué destacaría do que pretende transmitir a obra?

Rossini sabe poñer moi ben a música co carácter das personaxes. E, ao final, o amor é o que conta; así que se é importante e verdadeiro, o amor vai gañar de tódalas maneiras.

Qué novidades nos ofrecerá esta representación?

Esta ópera ofrécenos unha produción clásica e veraz, sobre todo. É moi fácil que todos a entendan porque está preto de todos nós no tempo. Hai unha orquestra moi boa que ven de Odessa e cantantes que cantan en diferentes teatros fóra de España que aportarán, cada un, a súa personalidade e carácter na per-

sonaxe. Eu creo que toda ‘Il Barbiere di Siviglia’ prende moito e non te podes despegar en ningún momento porque cada palabra, cada aria o recitativo é moi expresivo e faiche comprender todo.



A soprano Ulpiana Aliaj interpreta a Rosina en ‘El Barbero de Sevilla’.

Pero penso que, seguro, no final do primeiro acto hai como unha loucura e moita enerxía no escenario que fai que o público se quede pendente do que está vendo e escoitando, disfrutando moito con todo.

E a súa personaxe, qué aporta ao conxunto?

A miña personaxe, Rosina, é o emblema de todo. É unha muller moi

namorada, enérxica, astuta e simpática. É un conxunto de todas estas cousas que espero interpretar da mellor maneira. De Rosina gústanme moitas cousas; pero o que máis son as cores coas que ela xoga con todos, sen esquecer o que quere e o que ama. É unha moza bela e sabe que pode empregar todo iso para chegar onde quere. De todas formas, permanece pura no tempo. Ela ama e, como van ver no segundo acto, está cerca de casarse con Don Bartolo, o seu titor, porque cree que o Conde lle mentiu. Iso crea unha dúbida nela, pero non fai esquecer que a ópera é bela. Por iso, non somos todos cantantes e persoas verdadeiras, senón que nese momento representamos a outra persoa. Cando vou a cantar como Rosina e poñerme o seu vestido, xa está en min e quero vivir o que a música de Rossini exprime.

Xa nos contou como vive a música de Rossini; pero se falamos agora sobre a xira, qué resposta agarda do público vilalbés?

É a primeira ocasión que actúo en Vilalba, pero agardo do público a verdade de tódalas súas emocións que vivan comigo.

Xermolos recorda a Rosalía cunha alborada

A asociación cultural Xermolos organiza a ‘Alborada para Rosalía de Castro’ o vindeiro domingo 24 de febreiro.

Nesta data conmemórase o nacemento da escritora galega; ademais do 150 aniversario da publicación de ‘Cantares Gallegos’.

Na súa lembranza, o acto contará con actuacións musicais e recitais de poemas nos lugares onde a filla de Rosalía, Dona Gala, pasou algúns verán: na rúa das Canteiras á unha e media do mediodía e na rúa Castelao de Parga ás dúas.

Poemario na honra do gaitero de Santaballa

A escola da Liga Santaballesa acollerá o vindeiro sábado 23 de febreiro a presentación da “Escolma do libro de Caetano Arias López. O Gaitero de Santaballa”, de Carme Pernas e José Manuel Bermúdez Arias.

A presentación desta escolma sobre o poeta popular e un dos gaiteros máis soados na primeira metade do século pasado dará comezo ás sete do serán e contará cun recital poético e a actuación dun gaitero de sona.

O IESCHA presentou un poemario de Xosé Otero Canto e a biografía *Man, o alemán de Camelle*

O Instituto de Estudios Chairegos presentou dous libros durante estes meses de febreiro. O poemario “Poesía de Xosé Otero Canto editado polo propio IESCHA contou co pa-

moza e o presidente do IESCHA, Manuel Castro Santamariña. O saxofonista Fran Cupeiro interpretou temas clásicos do jazz de mediados do S. XX durante a súa presentación.

mesmo ano e, finalmente, “No branco silencio” á viaxe en avión Warszawa- Madrid do 3 de novembro. Como explica o autor ao comezo do libro, “Bernardo García Cendán era a persoa que tiña a encomenda de escribir o prólogo deste poemario, mais o destino non o quixo”... Non obstante, si quixo o autor incluír “a xeito de limiar” a fermosa carta de felicitación de Bernardo aos seus amigos no Nadal de 2011.

Así mesmo, o venres 15 de febreiro Beatriz Maceda presentou o seu libro “Man, o alemán de Camelle” con ilustracións de Laura Veleiro Suárez, sobre a vida e obra de Manfred Gnädinger (1936-2002), o pintor e escultor xermano que viviu durante anos como un anacoreta en Camelle, no concello de Camariñas, pertencente á Costa da Morte.

O acto, organizado conxuntamente co xornal A Voz de Vilalba, foi conducido polo escritor chairego Lis García Ferreiro e contou coas intervencións da propia autora, a ilustradora e do presidente do IESCHA, Manuel Castro Santamariña, así como dun representante da Editorial Galibook.



Presentación de *Man, o alemán de Camelle*.

IESCHA

trocínio da Área de Cultura da Vicepresidencia Primeira da Deputación e foi presentado nun acto que se celebrou o xoves 7 no Salón de Actos da Casa da Cultura de Vilalba coa participación do profesor, escritor e doutor en Filoloxía, Camilo Gómez Torres; o profesor, escritor e director do IES Lucus Augusti, Xosé Luís Vázquez So-

Os poemas que compoñen o libro distribúense en tres capítulos que se corresponden cos tres medios de transporte utilizados polo autor nunha viaxe por Europa: “Noite de luz” corresponde á viaxe en autobús de Lugo a Madrid o 28 de outubro do 2010, “Nas entrañas feras da noite” á viaxe en tren Kraków-Warszawa o 31 de outubro do

Os Minhotos presentaron o seu novo traballo: Pinga D’Auga

O quinteto lucense Os Minhotos presentou o xoves 14 de febreiro o seu último traballo discográfico “Pinga D’Auga”. Alberto, Bruno, Paula, Vitor e Xaneco entenden a música tradicional dun xeito propio e definido que conxuga festas, pasacorredoiras, ensaios, estudos e reflexión. Ademais, Os Minhotos levan moitos anos dedicados ao mundo da música tradicional galega, tanto no eido do ensino como no da construción de instrumentos musicais; mentres que

na práctica combinan a estética e gusto coas harmonizacións clásicas mesturando o son das gaitas e a percusión tradicionais co timbre da zanfona, o acordeón, a requinta e o clarinete.

Esta agrupación de música tradicional galega interpretou algún tema deste “Pinga D’Auga” durante o acto que se celebrou no Pazo das Pombas e no que tamén faláron sobre a concepción do mesmo que basea o seu repertorio na fusión da música de autor coa tradicional.



O grupo fixo un repaso aos temas do último traballo durante a presentación.